

“Poderoso fresco. Nos conflitos da vida adulta”

Recensión a cargo de Estro Montaña

Anita Brookner foi unha das escritoras inglesas máis importantes do século XX. Admirada por autores como Julian Barnes e cun número amplo de lectores, a súa formación en Belas Artes levouna a ocupar unha cátedra en Cambrigde e deixou pegada nas súas novelas, entre elas *Os tardeiros*, publicada en galego por Hugin e Munin e traducida por Alejandro Tobar. Esta novela, moi querida pola autora, ata agora non fora publicada en ningún idioma da Península Ibérica. *Os tardeiros* relata a vida de dous nenos orfos, nados en Alemaña e que polas tráxicas consecuencias do nazismo acaban en Inglaterra, onde a vida os unirá nunha longa amizade. A escola, os negocios e os seus matrimonios fan que compartan un mesmo camiño, coas súas frustracións e anhelos. Hartmann e Fibich comparten traballo e espazos comúns, afectos, nostalxias e esperanzas. Anita Brookner penetra na súa psicoloxía e na dos membros das súas familias con gran profundidade, amósase como unha gran descritora e fainos participar do seu discurso omnisciente, que abarca un amplo arco temporal, despregando ante os nosos ollos un poderoso fresco no que a busca da identidade dos personaxes amosa claros contrastes de personalidade, ás que non é allea a propia infancia. A creación de atmosferas e a importancia do detalle, a facilidade para crear accións secundarias e paseos por xeografías distintas da principal son algúns dos feitos que caracterizan a unha autora intelixente, que enarbora unha voz culta para mergullarnos nos conflitos da vida adulta e por diante dos nosos ollos a soidade existencial. Frases con retranca, períodos de longo percorrido, nos que apenas hai diálogos, emprego de termos traídos de outros idiomas son elementos dun festín literario que merece a atención dos lectores.

OS TARDEIROS (2023): Anita Brookner (trad. Alejandro Tobar), Santiago, Hugin e Munin, PVP. 15€